



JUAN MARQUINA FUENTES, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, adoptou, en sesión ordinaria do **6 de outubro de 2017**, o seguinte acordo:

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017

Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 5 de xullo de 2017, do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2017, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016, e vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 3 de outubro de 2017, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Desestimar integralmente as alegacións fronte á proposta provisional de resolución formuladas no trámite de audiencia polas entidades Asociación de Mulleres Rurais Santa Catalina, Asociación de Mulleres Rurais Nosa Señora do Portal, Asociación de Mulleres Rurais da Raia, Asociación de Veciños Laxas, Asociación de Veciños Rabo de Galo, Asociación de Veciños de Mouzón, Asociación de Mulleres Rurais O Toural e a Asociación de Mulleres Rurais de Pontedeva, polos motivos recollidos na presente acta, que poderá incorporarse como anexo ao acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 88 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º) Aceptar as renuncias ás subvencións inicialmente propostas, presentadas no segundo período de alegacións pola **Asociación Coro de Cámara Música Viva**, para o proxecto **“Música na Ruta dos Mosteiros”**(539,34 €); **Asociación Colectivo Re.Creο**, para os proxectos **Repensando o lugar que habitamos”**(989,64 €) e **“InvolucrARTE”** (942,30 €); **Aquae Querquennae Via Nova**, para os proxectos **“Actividades didácticas e de lecer para centros de ensino”**(590,63€), **“Talleres astronómicos luces e sons no Aquis”**(646,99€) e **“Visita teatralizada pola Vía Nova”**(590,63€); **Federación Provincial de ANPAS de Centros Públicos de Ourense As Burgas**, para os proxectos **“Un mapa para a vida”**(1.952,79 €), e **“I concurso de relatos cortos para xóvenes”**(1.908,27 €); **Asociación Cultural e Xuvenil Os Trintas**, para o proxecto **“Obradoiro de percusión tradicional e perfeccionada”**(314,48 €);**Asociación Cultural Comisión de Festas de Esgos**, para o proxecto **“Recuperación da celebración tradicional da noite de San Xoán”** (1.021,76€).

3º) Aceptar as renuncias presentadas no primeiro período de alegacións ás seguintes solicitudes:

- Asociación de MMRR de Padrenda para ós proxectos, **“Festa das estacións do ano con exposición de doces típico”**, **“Xuntanza anual de socias”**



- Asociación veciñal As Termas, para o proxecto “Facendo Barrio”.
- Centro de Estudios Chamoso Lamas, para o proxecto “Exposición colectiva de arte do Carballiño”.

4º) Conceder as seguintes prórrogas:

- Ata o 15 de decembro de 2017, á Asociación de Veciños de Sacardebois , ao Club Montaña Trives, e á Asociación Cultural Xuvenil os Trintas de Pobra de Trives, para xustificar os proxectos “*Magosto 2017*”, “*Xornadas micolóxicas 2017*”, e “*Obradoiro de gaita galega*”, respectivamente, polos motivos expostos na parte expositiva da acta da Comisión de Valoración na que se formulou a proposta de resolución definitiva.

- Ata o 15 de xaneiro de 2018, con carácter excepcional, á Asociación Cultural Tarabustio, para o proxecto “*Curso de Informática e funcionamento do teléfono mobil*”, ante a imposibilidade, polos motivos anteriormente citados, de finalizar o curso antes do mes de decembro.

- Ata o 30 de novembro, á Asociación Cultural Tarabustio, para xustificar o proxecto “*Festas Populares:Entroido,Sardiñada e Magosto*”, en concreto a parte destinada o “*Magosto*”, polos motivos indicados na parte expositiva, correspondéndose este prazo co prazo límite de xustificación que se establece no punto oitavo da presente acta de resolución.

5º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

5.1. Por presentar a solicitude fora do prazo establecido na base quinta da convocatoria:

CULTURALES E RECREATIVAS 2017

Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI	PROXECTO
1	AAVV As Pedreiras	G-32297475	Adaptación do local social como uso recreativo

5.2 Por non achegar a documentación valorable, tendo en conta que esta documentación non é emendable:

CULTURALES E RECREATIVAS 2017

Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI	PROXECTO
1	Asociación Cultural San Xoán	G-32289878	5ª Festa do Carneiro o espeto
2	Asociación Cultural San Xoán	G-32289878	5ª Xuntanza do Cocido
3	Asociación Cultural Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro		Hitos Xacobeo



4	Asociación Cultural Eirasenda	G-32443160	Sendas vivas
5	Asociación Cultural Ouro do Sil	G-32008476	Magosto Popular
6	Asociación Cultural Ouro do Sil	G-32008476	Cabalgata Reis 2017
7	Asociación Cultura Plan B	G-32338006	Badaladas da nostalxia
8	Asociación Natural Ardal terapia ocio y formación	G-32456097	Programa para a celebración de festas tradicionais para colectivos en situación de especial vulnerabilidade

5.3 Por incumprir o disposto na base primeira da convocatoria, ó presentar a mesma entidade máis de tres proxectos (para aplicación deste criterio se terá en conta a orde de entrada no rexistro):

CULTURALES E RECREATIVAS 2017			
Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI	PROXECTO
1	<i>Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos</i>	<i>G-32224198</i>	<i>Recuperación de cantigas tradicionais no concello de Nogueira de Ramuín</i>
2	<i>AAVV Cuña</i>	<i>G-32442246</i>	<i>Memoria e Risoterapia</i>

6º) Excluir da valoración e, en consecuencia, denegarle a concesión de subvención ás seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

6.1. Por incumprir o disposto na base primeira da convocatoria, ao tratarse de actividades cun orzamento inferior a 1.500 €:

CULTURALES E RECREATIVAS 2017			
Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI	PROXECTO
1	AAVV A Cuña	G-32442246	Entroido
2	AAVV A Cuña	G-32442246	Día do Socio
3	AAVV Agarimo	G-32106627	Día do Socio



6.2. Por non ter encaixe no obxecto da presente convocatoria, ben por tratarse de actividades expresamente excluídas na base primeira da convocatoria, ben por non ter finalidade cultural, nin deixar constancia de que se trate de actividades recreativas dirixidas ao conxunto da poboación, ou ben por consistir na realización de gastos non subvencionables conforme á base 6ª da convocatoria:

CULTURALES E RECREATIVAS 2017			
Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI	PROXECTO
1	AAVV Os Carballos	G-32370173	Creación cociña en merendeiro
2	AAVV Os Carballos	G-32370173	Empedrado do cruceiro
3	Asociación Cultural O Bión	G-32111668	Guía das aves da Limia
4	Fundación Neuroburgas dano neurolóxico	G-32472763	Xogando coa diversidade
5	Asociación Cultural Camerata Auriense	G-32184772	Curso intensivo vocalización coralistas enero- marzo 2017
6	ANPA Rosalía de Castro	G32228132	Transporte visitas culturais
7	ANPA Rosalía de Castro	G32228132	Charangas para desfile Entroido
8	Asociación Xuntos polo Fulión	G-32442640	Páxina web da Asociación “Xuntos polo Fulión”
9	Asociacion Cultural O Lobisome	G-32444309	VI Festa da Paella
10	Asociación de MMRR. Santa Catalina	G-32224834	Step-Aeróbic

6.3. Por tratarse de actividades, nas que a porcentaxe do orzamento dedicado a gastos relacionados coa comida do público asistente excede do 50 % do orzamento total, non realizando a maiores algunha actividade cultural ou recreativa que motive a concesión da subvención, ou ben nas que o orzamento de gastos aportado, non permite saber que parte do mesmo se destina a gastos de comida:

CULTURALES E RECREATIVAS 2017			
Nº	SOLICITANTE	CIF/DNI	PROXECTO



1	Asociación de MMRR Padrenda	G-32205346	Actividades culturais da mulleres rurais de Padrenda
2	AAVV Aira do Pozo	G-32387532	Lembranzas 2017
3	AAVV Laxas	G-32031544	Día do socio 2017
4	AAVV Rabo de Galo	G-32104564	Convivencia veciñal día do socio
5	AAVV San Antonio de Barbantes	G-32151730	Cea de confraternización San Antón
6	Asociación de Amas de Casa de Ilduara	G-32413122	Celebración de Santa Ilduara
7	Asociación Cultural Rezomilo	G-32284853	Xuntanza veciñal 2017
8	Asociación do Concello de Mourisca	G-32444721	Mourisca coa Cultura
9	Asociación MMRR de Pontedeva	G-32383093	Actividades culturais das MMRR de Pontedeva
10	Asociación MMRR San Rosendo	G-32417404	Celebración V Edición Festa Blanca
11	Asociación Cultural de Merens	G-32468928	Festa do viño novo
12	Asociación Cultural de Viveiro	G-32476384	San Antonio 2017
13	Asociación vecinal Cultural e Deportiva San Cipriano de Padrenda	G-32470502	Convivencia Internacional
14	Asociación Vecinal Cultural e Deportiva San Cipriano de Padrenda	G-32470502	Serán Eira do Piñeiro
15	Club CPA Fenix	G-32463960	II Gala Benéfica para axuda contra o cancro infantil
16	Asociación de MMRR Nosa Señora do Portal	G-32163461	Xornadas gastronómica cultural



17	Asociación de MMRR da Raia	G-32317398	Xornada intercambio cultural
18	Asociación Cultural Juvenil Cipri Gomes	G-32426249	1ª convivencia familiar no rural Comarca Sil- Bibei-Navea
19	AAVV San Mamede	G-32147872	Xornada etnográfica: elaboración de pan artesán
20	AAVV San Esteban de Untes	G-32108722	Día do socio
21	AAVV do Pobo de Casoio	G-32453524	Recuperación da Romería de San Cosme
22	AAVV Mouzón	G-32469603	Ruta do viño de Correxais
23	Asociación Cultural Amigos do tute	G-32421364	Copa Liga Tute 2017

7º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

Solicitantes	CIF	Actividade	Contía concedida
AAVV. "A Rabeda"	G32315046		466,77 €
		Ximnasia para a Mente e para o Corpo	466,77 €
AAVV. "Aira Do Pozo"	G32387532		648,05 €
		Magosto Popular	648,05 €
AAVV. "San Salvador" de Villaza	G32129660		1.852,28 €
		VI Festa do Neno	154,15 €
		VIII Carretada do Viño	667,78 €
		VIII Festa da Boga	1.030,35 €
AAVV. "Sta Uxia de Lobás"	G32146292		176,97 €
		Arredor da castaña e do magosto	176,97 €



AAVV. "Vila Sana"		1.299,80 €
	G32178287	
	Lecer	648,05 €
	Magosto Popular	651,75 €
AAVV. Arnuide		700,00 €
	G32195935	
	Magosto Popular 2017	700,00 €
AAVV. Casasoá San Mamede		1.965,73 €
	G32309684	
	Magosto 2017	656,68 €
	Hinchables, Karaoke, Globoflexia	657,92 €
	Obradoiro "As Nosas Raíces"	651,13 €
AAVV. Castro de Beiro		1.121,60 €
	G32016198	
	Magosto	1.121,60 €
AAVV. de Sacardebois		825,00 €
	G32292542	
	Magosto 2017	825,00 €
AAVV. de San Paio		673,95 €
	G32175267	
	Festa da Exaltación da Castaña "Magosto"	673,95 €
AAVV. e Cultural A Cuña		2.853,03 €
	G32442246	
	Magosto	648,05 €
	Curso de Ximnasia de Mantemento e Aeróbic	1.107,42 €
	Clases de Canto, Percusión, Gaita e Pandeireta	1.097,56 €
AAVV. Laxas		2.218,54 €
	G32031544	
	Entroido 2017	1.103,10 €
	Romaría de San Brais 2017	1.115,44 €
AAVV. Mirasol Vilafermosa (Mirafermosa)		2.544,00 €
	G32424749	
	Play Time	780,00 €
	Baile Latino	882,00 €



AAVV. Portela	Técnicas de Relaxación e Estiramentos Orientais	882,00 € 646,20 €
	G32107286	Magosto
AAVV. Rabo de Galo		646,20 € 654,22 €
	G32104564	Semana Cultural XXVIII Aniversario
AAVV. San Antonio de Barbantes		654,22 € 1.800,00 €
	G32151730	Magosto Popular Pilates
AAVV. San Esteban de Untes		1.000,00 € 800,00 € 649,90 €
	G32108722	Festa do Entroido Untes 2017
AAVV. San Mamede		649,90 € 750,00 €
	G32147872	Magosto 2017
AAVV. Santa Mariña do Monte		750,00 € 644,35 €
	G32224644	Semana Cultural 2017
AAVV. Virxe da O		644,35 € 646,20 €
	G32154734	Magosto 2017
AAVV. Virxen da Saúde de Paradela De Abeleda		646,20 € 1.768,00 €
	G32443079	Cultura do Rural Festas, Xuntanzas e Fiadeiros
AAVV."Xuntanza"		788,00 € 980,00 € 654,83 €
	G32181612	Celebración do Entroido, San Xoán e Magosto
Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos		654,83 € 4.467,30 €
	G32224198	



	Revista de Folclore, Cultura e Turismo "A Bugalla"	1.455,80 €
	Proxecto Didáctico 2017	1.449,64 €
	Espectáculo "Ourense con sentimento"	1.561,86 €
ANPA "Os Rosais" do Ceip Amadeo Rodríguez Barroso		1.949,09 €
	G32129686	
	II Festival "Teatro Outono"	647,43 €
	Magosto en Familia	649,90 €
	Entroido Infantil	651,75 €
ANPA CEIP Carlos Casares		1.862,00 €
	G32181208	
	Proxecto Cultural e Recreativo 2017	882,00 €
	Obradoiro de Patinaxe	980,00 €
ANPA Jose Garcia Mende		700,00 €
	G32141442	
	Festividades no Cole	700,00 €
ANPA Rosalía de Castro		181,28 €
	G32228132	
	Diario do Colexio	181,28 €
ANPA-Ben-Cho-Shey		1.170,93 €
	G32173312	
	Guai Entre Iguais	1.170,93 €
Asoc. de Amigos da Cultura e do Ocio Aires Nosos		717,73 €
	G32369696	
	Recuperando as Nosas Raíces IV	717,73 €
Asoc. Aixiña		673,33 €
	G32144669	
	Programa Cultural-Recreativo Aixiña 2017	673,33 €
Asoc. Cultural de Traballo Creativo "Casco Vello Ribadavia"		609,20 €
	G32437890	
	Dinamización Cultural Casco Histórico do Concello de Ribadavia	609,20 €
Asoc. Cultural Folión de Sobrado		2.225,32 €
	G32407207	
	Entroido	705,39 €
	Restauración dos Xigantes	752,26 €



Asoc. Cultural Ribadavia Activa-T	G32287898	Festa Medieval	767,67 €
			1.163,53 €
Asoc. Cultural "O Bion"	G32111668	Noite Meiga	1.163,53 €
			317,55 €
Asoc. Cultural "Os Gaiteiros"	G32248965	"O Bouzo" Revista de Cultura Popular	159,70 €
		Banda deseñada do entroido de Xinzo	157,85 €
			1.112,35 €
Asoc. Cultural "Tarabustio"	G32187635	Dálle Vida os teus Anos	1.112,35 €
			1.292,40 €
Asoc. Cultural a Caniceira de Trives	G32335408	Festas Populares: Entroido, Sardiñada e Magosto	646,20 €
		Informática e Funcionamento do Teléfono Móbil	646,20 €
			1.047,61 €
Asoc. Cultural Comisión de Festas Santiago Apostol de Cortegada	G32296865	Entroido de Verán 2017	1.047,61 €
			648,05 €
Asoc. Cultural de Museiros e Museiras de Ourense	G32344269	Semana Cultural Cortegada 2017	648,05 €
			2.269,72 €
Asoc. Cultural de Viveiro	G32476384	III Semana Cultural de Mus.Amou 2017	1.142,57 €
		Edición del Libro: Mus Introducción al estudio de este antiguo, entretenido ,Pedagógico y Singularísimo Juego de Arte, Ciencia y Ficción	1.127,15 €
			2.494,38 €
		San Xoán 2017	1.514,38 €



Asoc. Cultural e Artística Devalar	G32458754	Magosto Popular2017	980,00 €
			1.095,09 €
Asoc. Cultural Escola Musical da Baixa Limia	G32450801	Mostra Cultural e Artística das Festas Tradicionais	1.095,09 €
			665,93 €
Asoc. Cultural Festa da Pataca Vilar de Barrio	G32147872	Actividades culturais e didácticas da Escola Musical da Baixa Limia	665,93 €
			776,92 €
Asoc. Cultural Festa do Viño Tinto de Cenlle	G32478778	Festa da Pataca 2017	776,92 €
			1.206,69 €
Asoc. Cultural Liradavia	G32408353	XIII Festa do viño tinto de Cenlle	1.206,69 €
			3.081,17 €
Asoc. Cultural Música e Cultura de Galicia	G32326464	Clases de Música 2017	3.081,17 €
			5.062,69 €
Asoc. Cultural O Mosteiro	G32180929	Escola de Música e Cultura de Galicia	3.355,56 €
		Certames de Música e Cultura de Galicia (2017)	647,43 €
		3º Magosto e Andaina Cultural	1.059,70 €
			1.517,46 €
Asoc. Cultural Os Xuncos	G32179574	Coñecemento e uso dos recursos naturais e a súa aplicación na elaboración de produtos finais	1.517,46 €
			850,00 €
Asoc. Cultural Pandereteiras do Forrollo	G32470635	Segunda Semana Cultural: Open Ribeira Sacra II	850,00 €
			1.120,99 €
		CD de Cantigas Tradicionais	1.120,99 €



Asoc. Cultural Rebulir		1.177,10 €
	G32378960	
	XI Noite de Fiadeiro	1.177,10 €
Asoc. Cultural Recreativa e Xuvenil Rebule Arnoia		1.320,00 €
	G32466906	
	Actividade recreativa o Entroido na Arnoia	700,00 €
	Especial Reis,Cantos do Nadal dos Maiores de Arnoia	620,00 €
Asoc. Cultural Teatro Aneis		2.587,27 €
	G32466054	
	Escola de Teatro	2.587,27 €
Asoc. Cultural Xuvenil Banda de Gaitas Concello de Verea		2.027,39 €
	G32408114	
	Clases de Gaita Galega	685,66 €
	Clases de Percusión	685,66 €
	Ensaios e Dirección da Banda de Gaitas	656,07 €
Asoc. Cultural Xuntos Polo Fulión		1.595,77 €
	G32443640	
	III Mascarada Ibérica	757,19 €
	Entroido Vilariño de Conso 2016	838,58 €
Asoc. Centro Comercial Aberto O Barco		1.958,95 €
	G32320384	
	Maios 2017	649,28 €
	Pon de Moda o Galego	649,28 €
	Carreira por Parellas "Obarconamora"	660,38 €
Asoc. Coveiros Vilamartin		3.452,98 €
	G32397515	
	Festa das Covas	3.452,98 €
Asoc. Cultural Xuvenil Os Trintas de Pobra de Trives		934,77 €
	G32391955	
	Obradoiro de Gaita Galega	467,39 €
	Obradoiro de Baile Tradicional	467,39 €
Asoc. de Cabalistas o Mundil		1.580,97 €
	G32240103	



Asoc. de Consumidores e Usuarios do Ribeiros	G32107260	XX Festa Cabalo	1.580,97 €
			735,00 €
Asoc. de Jubilados y Pensionistas SPES	G32218745	Xornada Magosto Popular	735,00 €
			1.659,77 €
Asoc. de MMRR. Sta Maria de Tamagos	G32362741	Manualidades	1.000,00 €
		Obradoiro de Ximnasia	659,77 €
			735,00 €
Asoc. de Persoas Sordas de Ourense	G32015463	Programa Cultural e Recreativo 2017 Sta Maria de Tamagos	735,00 €
			737,46 €
Asoc. de Viuvas Maria Andrea	G32014334	Gastronomía e Cultura Inclusiva	737,46 €
			717,73 €
Asoc. Escola Rural de Saúde da Limia	G32426025	Mulleres coa Cultura e a Tradición	717,73 €
			1.107,42 €
Asoc. Limia Verde	G32385627	Aula Animada no Rural	1.107,42 €
			1.320,15 €
Asoc. Limisi	G32302671	Photourense	673,95 €
		Outoneate	646,20 €
			1.900,99 €
Asoc. MMRR 25 de Xullo	G32282949	Mais cultura, Mais inclusión	1.900,99 €
			1.014,30 €
Asoc. MMRR. "Abelenda das Penas"	G32236648	Obradoiro de Memoria	1.014,30 €
			739,00 €
Asoc. MMRR. A Arrancada	G32305377	Programa Cultural e Recreativo 2017	739,00 €
			735,00 €



Asoc. MMRR. A Carballa	G32349813	Programa Actividades Culturais e Recreativas	735,00 €
			735,00 €
Asoc. MMRR. A Carballeira	G32247207	Obradoiro de Ximnasia	735,00 €
			735,00 €
Asoc. MMRR. A Rubideira	G32255580	Programa Cultural e Recreativo 2017	735,00 €
			735,00 €
Asoc. MMRR. Adiante	G32140741	Recuperación de Festas Tradicionais: Magosto Popular	735,00 €
			882,00 €
Asoc. MMRR. Arnoia	G32181703	Programa de Actividades Culturais e Recreativas 2017	882,00 €
			2.408,35 €
Asoc. MMRR. As Abeleiras	G32349813	Obradoiro Artístico Cultural	823,20 €
		Recuperación de Festas	
		Tradicionais	759,50 €
		Obradoiro Artístico Cultural:	
		Cestería	825,65 €
			784,00 €
Asoc. MMRR. As Candelas	G32298168	Programa Cultural e Recreativo 2017	784,00 €
			1.470,00 €
Asoc. MMRR. As Chás	G32321358	Recuperación de Festas	735,00 €
		Tradicionais: Magosto Popular	
		Obradoiro de Ximnasia,	735,00 €
		Motricidade e Cardio	
			735,00 €
Asoc. MMRR. de Bibei	G32126575	Obradoiro de Ximnasia	735,00 €
			1.078,00 €
		Recuperación das Festas	
		Tradicionais: Magosto Popular	1.078,00 €



Asoc. MMRR. de Santa Cristina	G32220642	1.295,49 €
	Clases de Baile (Zumba-Latinos)	647,43 €
	Entroido 2017	648,05 €
Asoc. MMRR. de Sarreaus	G32278756	1.294,25 €
	Curso de Pandereteiras	646,20 €
	Cociña Saudable	648,05 €
Asoc. MMRR. e de Consumo Airiños da Terra	G32249096	735,00 €
	Recuperación de Festas Tradicionais: Magosto	735,00 €
Asoc. MMRR. Entre Nós	G32233512	1.092,62 €
	Obradoiro de Ximnasia	1.092,62 €
Asoc. MMRR. Fiadeiro	G32448714	2.168,24 €
	Obradoiro de Ximnasia	1.075,00 €
	Promoción da Pataca	1.093,24 €
Asoc. MMRR. Monterrei	G32368227	796,00 €
	Programa Cultural e Recreativo 2017	796,00 €
Asoc. MMRR. Nosa Señora do Portal	G32163461	980,00 €
	Obradoiro Artístico Cultural	980,00 €
Asoc. MMRR. O Cruceiro	G32258881	1.715,00 €
	Obradoiro de Ximnasia	980,00 €
	Obradoiro Cultural: Pandeireta, Danza e Canto Tradicional	735,00 €
Asoc. MMRR. O Recuncho	G32287336	735,00 €
	Obradoiro de Memoria	735,00 €
Asoc. MMRR. O Toural	G32299792	648,05 €
	Programa de Actividades Culturais e Recreativas 2017	648,05 €



Asoc. MMRR. Os Picotiños	G32303877	1.829,27 €
	Obradoiro de Ximnasia de Mantemento e Técnicas de Defensa Persoal	1.109,27 €
	Obradoiro de Elaboración e Recuperación do Traxe de Madama	720,00 €
Asoc. MMRR. San Pedro	G32375909	882,00 €
	Programa Cultural e Recreativo para o 2017 San Pedro	882,00 €
Asoc. MMRR. Sta Eulalia de Montes	G32378911	1.470,00 €
	Obradoiro de Ximnasia	735,00 €
	Obradoiro Cultural: Pandeireta, Danza e Canto Tradicional	735,00 €
Asoc. MMRR. Temoeiras	G32367542	980,00 €
	Proxecto Cultural Recreativo: Temoeiras 2017	980,00 €
Asoc. MMRR."O Patio de Melo"	G32411670	735,00 €
	Programa Cultural e Recreativo para o 2017 O Patio de Melo	735,00 €
Asoc. MMRR.Xestas e Toxos	G32245342	735,00 €
	Programa Cultural e Recreativo 2017	735,00 €
Asoc. Orensana Ayuda al Toxicomano (Atox)	G32106429	714,64 €
	Taller de Revista para Pessoas en Risco de Exclusión Social	714,64 €
Asoc. Participación	G32477127	1.937,95 €
	Construíndo a nosa Cidade Recuperación da Cultura de Comunidade	982,45 €
		955,50 €
Asoc. Ruta do Viño do Ribeiro	G32367211	1.476,15 €



	Dinamización Cultura e Enoturística da Ruta do Viño do Ribeiro	1.476,15 €
Asoc. Verinense "Amigos da Música" G32151292		1.471,83 €
Asoc. Xuvenil Amencer G32025405	XXV Festival de Corais	1.471,83 €
Centro de Animación Rural San Adrián de Soveira G32291924	Recursos para Animar en Galego	648,05 €
Círculo Poético Ourensán G32398398	Dinamización da Poboación Rural	1.203,61 €
Club Montaña Trives G32168734	Gala Entrega de Premios.VI Concurso de Poesía para Alumnas e Alumnos de Primaria e ESO da Provincia de Ourense VIII Encontro Internacional de Poesía	2.289,53 €
Club Motero Trives "Os Esquíos" G32269300	Xornadas Micolóxicas 2017	740,00 €
Clube Xadrez Ceip Pereiro De Aguiar G32431835	XIV Concentración Mototurística Internacional os Esquios	1.549,53 €
Colectivo Re.Creo G32465973	II Torneo Nadal Parada Justel	657,92 €
Coral Rondalla Os Afadores G32319667	A Cidade que nos Quere	1.920,10 €
Establecementos Asociados do Ribeiro	Curso Sobre o Patrimonio Inmaterial Musical da Provincia de Ourense	471,09 €
		599,96 €



	G32226359		
Federación Provincial MMRR As Burgas	G32009037	4º Desfile de Moda da CCA do Ribeiro	599,96 €
			1.117,90 €
Femuro (Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense)	G32237869	Xornadas Culturais convivencia e programación	1.117,90 €
			1.169,08 €
Fundación Cipri Gomes	G32407280	Cultura en Feminino: XIV Foro da Igualdade	1.169,08 €
			1.418,19 €
Fundación Curros Enríquez	G32322315	4º Taller para a Confección do Disfraz do Boteiro	1.418,19 €
			1.453,95 €
Fundación Vicente Risco	G32214850	Visita a Vilanova dos Infantes	721,43 €
		Visita Nocturna ó Mosteiro de San Rosendo	732,53 €
			2.784,58 €
Lauda Música	G32217341	Letras galegas 2017	1.536,58 €
		VII Xornadas Romasanta	695,53 €
		Exposicións 2017	552,48 €
			4.773,75 €
Sociedade Recreativa Musical da Banda Popular de Lobios	G32025355	CD e DVD a Música do Clasicismo na Catedral de Ourense II	1.818,37 €
		Recuperación e Edición de Música Orixinal para Clarinete	1.470,60 €
		Investigación, Recuperación, Estudio e Edición do Volume VIII: Manuel Rábago (1816-1819)	1.484,78 €
			647,43 €
Total		Actividades Culturais e Didácticas da Banda de Música de Lobios	647,43 €
			149.999,96 €

8º) Ampliar o prazo xeral de xustificación establecido nas bases da convocatoria, debido á



dilación na tramitación do concurso, ata o dia 30 de novembro de 2017, sen prexuízo das prórrogas concedidas no apartado 4º.

ANEXO:

ACTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS Á PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO 2017 E FORMULACIÓN DE PROPOSTA DEFINITIVA DE RESOLUCIÓN DO DITO CONCURSO

En Ourense, no Pazo Provincial, ás doce horas do día 3 de outubro de 2017, reúñese a comisión de valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ó exercicio 2017 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016).

Asisten á sesión as seguintes persoas, integrantes da comisión:

Presidente: Don Manuel Doval Soto, deputado delegado en materia de cultura.

Vogais:

Don Juan Marquina Fuentes (vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense)

Don José Mosquera Casero, (xefe do Servizo de Intervención)

Dona M.ª Isabel Rodríguez Carrera, xefa da Sección de Subvencións.

Actúa como secretaria da mesa, dona Mónica Cristín Somoza, xefa do Negociado de Concursos.

O obxecto da reunión de resolver as alegacíons presentadas á proposta provisional formulada pola mesma comisión e formular a proposta definitiva de resolución do concurso, partindo dos seguintes antecedentes:

1º) Con data 5 de xullo de 2017, a comisión de valoración formulou proposta provisional de resolución do concurso.

2º) Con data 13 de xullo someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia por prazo de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial.

3º) Con data 11 de setembro, volveuse a someter a trámite de audiencia a proposta provisional de resolución corrixida de oficio, debido á existencia de determinados erros materiais que afectaban á valoración publicada na proposta provisional de 5 de xullo de 2017.

Dous destes erros materiais rectificados no segundo trámite de audiencia, que afectaban á Asociación Limisi e á Asociación de MMRR O Toural, constituían o obxecto das alegacíons formuladas no primeiro trámite por estas entidades, polo que cabe dalas por estimadas e resoltas, non sendo necesario tratalas xa nesta proposta de resolución definitiva

Unha vez aclarado este punto, procédese ao estudo do resto de alegacíons presentadas, que non se refiren a aspectos relacionados cos erros rectificados no segundo trámite de audiencia, e que foron formuladas polas seguintes entidades:



- a) Asociación de Mulleres Rurais Santa Catalina.
- b) Asociación de Mulleres Rurais Nosa Señora do Portal.
- c) Asociación de Mulleres Rurais da Raia.
- d) Asociación de Veciños Laxas.
- e) Asociación de Mulleres Rurais O Toural
- f) Asociación de Veciños Rabo de Galo.
- g) Asociación de Veciños de Mouzón.
- h) Asociación de Mulleres Rurais de Pontedevea.

4º) Así mesmo, no trámite de información pública de 11 de setembro presentáronse tamén escritos de renuncia ás subvencións propostas por algunas das entidades solicitantes, renuncias que deben ser tidas en conta pola comisión na formulación da proposta de resolución definitiva.

5º) Doutra banda, tamén se presentaron catro solicitudes de prórroga para a xustificación das subvencións concedidas, que tamén se terán en conta pola comisión na formulación da proposta de resolución definitiva.

Á vista dos antecedentes, a comisión procede, en primeiro lugar, ao estudo das alegacións presentadas e, en segundo lugar, á toma en consideración dos escritos de renuncia e solicitude de prórroga, para, en terceiro lugar, formular proposta de resolución definitiva, nos termos seguintes:

1º) Análise das alegacións presentadas:

En relación con cada una das ditas alegacións, cuxo contido se exporá a continuación, a comisión formula as seguintes consideracións:

a) Alegacións da Asociación de Mulleres Rurais Santa Catalina:

A súa solicitude foi excluída da valoración “*por non ter encaixe no obxecto da presente convocatoria, ben por tratarse de actividades expresamente excluídas na base primeira da convocatoria, ben por non ter finalidade cultural, nin deixar constancia de que se trate de actividades recreativas dirixidas ao concxunto da poboación.*”

Esta entidade alega que outras actividades similares foron subvencionadas e que cumplen os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. A este respecto, a comisión estima que a realización dun curso de step - aerobic está dentro das actividades subvencionables neste concurso, pero o motivo de exclusión da solicitude en cuestión non é o curso en si senón os gastos presentados na memoria para o desenvolvemento dessa actividade que se corresponden con supostos expresamente excluídos nas bases da convocatoria; neste senso, a base sexta da convocatoria dispón que en todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables, entre outros, os “*gastos de adquisición de bens inventariables.*”

Polo tanto, a adquisición de material deportivo, que son os únicos gastos que prevé a entidade alegante, non é un gasto subvencionable en ningún caso, polo que procede a exclusión da súa solicitude da valoración pola correspondente comisión.

En consecuencia, e en aplicación estrita das bases que regulan a presente convocatoria, procede desestimar a alegación, confirmando a proposta de resolución.

b) Alegacións da Asociación de Mulleres Rurais Nosa Señora do Portal:

Esta solicitude foi excluída da valoración “*por tratarse de actividades, nas que, por un lado, a porcentaxe do orzamento dedicado a gastos relacionados coa comida do público asistente excede do 50 % do orzamento total, non realizando a maiores algúnsha actividade*”



cultural ou recreativa que motive a concesión da subvención, como, por outro lado, aquelas nas que o orzamento de gastos aportado, non permite saber que parte do mesmo se destina a gastos de comida.”

Nas alegacións presentadas, a entidade interesada argumenta que “...aínda que non aparece especificado de forma concreta que os gastos destinados a comida non superan o 50% do orzamento total presentado, obviamente xa se ten en conta este aspecto, por ser unha obriga dentro das bases da convocatoria”. Por outro lado, tamén reitera o carácter cultural da actividade.

Con respecto a estas alegacións, a comisión considera, en primeiro lugar, que non se pode sobreentender como obvio o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, senón que é de obrigado cumprimento a súa acreditación segundo dispoñen as bases reguladoras; en segundo lugar, na memoria presentada coa solicitude da subvención, a solicitante fai numerosas referencias a “*actuacións tendentes á promoción de actividades recreativas e culturais na nosa zona*”, “*desenvolvemento sostible da comunidade...*”, así como aos obxectivos das ditas actividades que serían “*dinamizar a oferta cultural e recreativa do rural ourensán, incrementar os recursos para o tempo libre existentes no medio rural, fomentando unha ocupación lúdica e saudable do mesmo, difundir as aportacións da muller rural á cultura galega...etc*”; é dicir, menciona continuamente obxectivos xenéricos pero en ningún momento explica en que consistirían esas actividades e como se levarían a cabo. Por outro lado, no orzamento presentado, únicamente indica “*gastos xerais da actividade (transporte, comida, publicidade...) 2.200,00 €*; polo tanto, é imposible realizar unha valoración deste expediente porque nin se consigue saber que actividades se pretenden desenvolver, nin en que consisten nin os gastos que implican as ditas actividades, nin que contía se destina á comida.

Neste senso, a base quinta da convocatoria, no seu apartado b) relativo á documentación para a valoración das solicitudes establece que “*presentarase un proxecto descriptivo de cada actividade a realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:*

- a) *Memoria descriptiva da actividade, incluíndo os seguintes apartados:*
 - a.1) *Descripción das actividades que a integran.*
 - a.2) *Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade*
 - a.3) *Prazo ou data de execución.*
- b) *Orzamento individualizado da actividade, detallado en ingresos e gastos.”*

Así mesmo, engade no seguinte parágrafo “*advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquellas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descriptiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.*”

En coherencia con todo o anterior, procede a desestimación desta alegación.

c) Alegacións da Asociación de Mulleres Rurais da Raia:

Esta alegación, ao igual que a memoria e orzamento presentados coa solicitude por esta entidade, ten o mesmo contido (agás pequenas diferencias insustanciais) que as alegacións formuladas pola Asociación de MMRR de Nosa Señora do Portal, tratada no apartado c)



anterior. En consecuencia, procede a desestimación da alegación, polos mesmos motivos indicados no apartado c).

d) Alegacións das AA.VV. Laxas e Rabo de Galo:

Estas alegacións trátanse de forma conxunta xa que, salvo pequenas diferencias, o seu contido é o mesmo.

Os alegantes indican de xeito sintetizado, por un lado, que a porcentaxe dos seus orzamentos dedicados a gastos en comidas non supera o 50 % do total dos proxectos e, por outro, que as actividades para as que solicitaron subvención deben considerarse incluídas no patrimonio inmaterial, como as festas e celebracións de carácter marcadamente tradicional ou senlleiro.

Con respecto á primeira alegación, efectivamente os gastos en comida non acadan o 50 % do orzamento total presentado, polo que, neste punto, procedería estimar a alegación.

Non obstante o anterior, subsiste un segundo motivo de exclusión da solicitude, debido a que os proxectos presentados non consisten en ningún tipo de actividade cultural ou recreativa subvencionable, conforme có disposto na base primeira, apartado segundo das que regulan o concurso. As razóns que sustentan esta exclusión son as seguintes:

- En primeiro lugar, a celebración do Día do Socio claramente non constitúe unha actividade nin de estudo nin de difusión exaltación ou posta en valor do patrimonio cultural material ou inmaterial da sociedade ourensá. O feito de que esta actividade teña unha antigüidade de vinte e nove anos non acredita a existencia dunha tradición consolidada, comparable, por exemplo, coa dos magostos ou os maios, e en todo caso son actividades que cingen o seu ámbito a unha asociación concreta, polo que non poden identificarse con tradicións da sociedade ourensá en xeral ou do municipio no que se desenvolven; doutra banda, esta actividade tampouco ten por obxecto ningún tipo de manifestación cultural.

- En segundo lugar, e no caso concreto da Asociación de Veciños Rabo de Galo, o Día do Socio tampouco constitúe unha actividade recreativa subvencionable, xa que non está dirixida ao conxunto da poboación senón aos socios da asociación tal e como indica a solicitante na memoria presentada.

- No caso da Asociación de Veciños Laxas, aínda que na memoria se declara que o Día do Socio está aberto tanto aos socios como aos veciños do pobo, na alegación presentada se indica que se cobran 10 € a cada asistente que participa na actividade, polo que, en consecuencia, a actividade non ten o carácter gratuito esixido na base primeira da convocatoria para as actividades recreativas.

Por todo o exposto, procede desestimar estas alegacións.

e) Alegacións da Asociación de Veciños do Mouzón:

